

SEGURIDADE

AREA DE GOBERNO DE SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E XESTIÓN
MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



BANDO

Ante a proximidade das Festas do Nadal onde prolifera a venda e mailo uso de artificios de pirotecnia recreativa (petardos, bengalas, tracas, etc), lémbrolle a toda a cidadanía, as normas cuxo cumprimento cómpre observar para garantir a tranquilidade e seguridade cidadá

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei orgánica 4/2015, de 30 de marzo, sobre protección da seguridade cidadá
- Real Decreto 989/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o regulamento de artigos pirotécnicos cartuchería e mailas súas instrucións complementarias, entre a que destaca, a instrución núm.17 que regulamenta as normas sobre venda ao público de artigos pirotécnicos.

DETERMINACIÓNS DE INTERESE XERAL

Está prohibida:

- A venda e a subministración de produtos pirotécnicos por persoas físicas ou xurídicas que non contén coa autorización da Delegación do Goberno. As preceptivas autorizacións exhibiranse en lugares ben visibles nos establecementos de venda. Asemade, a licenza municipal de actividade do establecemento debe autorizar expresamente a venda destes produtos.
- A venda dos artificios a quen se atope baixo os efectos de bebidas alcohólicas ou substancias estupefacientes.
- A venda ambulante de artificios pirotécnicos.
- A fabricación, circulación e venda de calquera obxecto para uso infantil que presente, externamente, substancias explosivas ou detonantes susceptibles de contacto directo. Para a circulación e venda de produtos pirotécnicos infantís, será necesario que figuren neles a marca ou cabeceira do fabricante e o número que teña asignado polo Ministerio de Industria. Cando non sexa posible a marcaxe directa no produto, farase no envase que o conteña. Os produtos infantís de importación deberán cumprir as mesmas condicións que os nacionais.
- Aos menores de 12 anos, a subministración e uso de artificios pirotécnicos, con excepción dos pistóns de percusión para xoguete. Enténdese como pistóns de percusión para xoguete, aquelas envolturas ou cápsulas non metálicas que conteñen un toque de composición pirotécnica sensible ao impacto e que produce unha pequena detonación cando se golpea.
- A manipulación ou uso dos artificios pirotécnicos nas vías públicas e espazos públicos no termo municipal de Vigo, agás que se conte con expresa autorización municipal.

OBSERVANCIA DO SEU CUMPRIMENTO

A Policía Local, coa colaboración dos demais Corpos e Forzas de Seguridade, velará polo estrito cumprimento da lexislación vixente, e denunciará as infraccións que ao respecto se cometan que serán sancionadas, chegado o caso, como faltas pola Administración competente, sen prexuízo das responsabilidades civís ou penais que se deriven dos feitos. As sancións irán acompañadas da incautación do material, e, de sé- lo caso, conlevarán o peche do establecemento responsable.

Esta Alcaldía espera unha positiva resposta de toda a cidadanía no cumprimento deste Bando.

AVM/jca

O XEFE DE ÁREA DE SEGURIDADE

ANTONIO VIVERO MIJARES

O ALCALDE
ABEL R. CABALLERO ÁLVAREZ
(Vigo, na data da sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/12/2024 12:56	Páxina 1 de 2
240389964	CSV: A4ADC4-4EA252-BBCDB6-XYHM2W-SPPP6X-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Documento asinado



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/12/2024 12:56	Páxina 2 de 2
240389964	CSV: A4ADC4-4EA252-BBCDB6-XYHM2W-SPPP6X-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		